



COORUÑA COOPERA

UNHA CIDADE DE COOPERATIVAS

www.espazo.coop



espazo coop
unión de cooperativas galegas

Na cidade da Coruña existen arredor de 70 cooperativas activas, que agrupan a máis de 2.300 socios e socias e facturan preto de 22 millóns de euros. **Conforman un tecido económico fundamental na cidade**, estando presentes en sectores tan diversos como o educativo, o artístico, os servizos, as finanzas, a tecnoloxía ou a comunicación.

As cooperativas son un pulmón económico básico para A Coruña, que medra cada ano e que incide positivamente tanto nas persoas emprendedoras, como nas consumidoras, como na sociedade en xeral. E aínda así, seguen a ser unhas das grandes descoñecidas.

Queres saber máis sobre esta cidade de cooperativas que é A Coruña? Segue lendo...

Que é unha cooperativa?

Unha cooperativa é unha sociedade para a realización de actividades sociais ou económicas que é propiedade de conxunta de todas as persoas socias. A súa finalidade consiste en prestar servizos a outras persoas, empresas ou entidades e satisfacer necesidades e aspiracións das súas persoas socias.

Contan cunha estrutura e xestión democráticas, distribuíndose os resultados económicos en función da actividade realizada e non do capital investido na sociedade. **Calquera actividade económico-social poderá desenvolverse mediante unha cooperativa.**

Principios das cooperativas:

1. **Asociación aberta e voluntaria** para todas as persoas sen discriminación de ningún tipo.
2. **Control democrático** das persoas socias sobre todas as decisións da cooperativa.
3. **Participación económica das persoas socias**, que controlan de xeito democrático o capital da cooperativa.
4. **Autonomía e independencia** con respecto a outras entidades
5. **Educación e formación** para as persoas socias e **información aberta** para o público en xeral.
6. **Cooperación entre cooperativas** en estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais. Como por exemplo, EspazoCoop
7. **Compromiso coa comunidade** onde operan, contribuíndo ao seu desenvolvemento sostible.

Que beneficios ten para min, como persoa emprendedora?

Na actualidade, máis de 2,2 millóns de persoas traballan na economía social ou cooperativa no Estado español, representando un 12,5% do emprego total. Este sector está en auge continuo, con independencia dos períodos de crise ou recesión, situando a España como o 8º país da UE cun maior número de persoas empregadas nel.

Dentro do sector, **as cooperativas de traballo asociado son unha das principais alternativas de autoemprego colectivo.** Nacen como unha agrupación de persoas que queren poñer en marcha de xeito conxunto un proxecto empresarial baseado nos principios cooperativos e que lles garantan un posto de traballo.

Hai varias vantaxes que ten a persoa emprendedora cando decide poñer en marcha unha cooperativa:

1. Pódense poñer en marcha por un mínimo de dúas persoas e un capital inicial de 3.000 €, puidendo as persoas desempregadas capitalizar o 100% da súa prestación para constituir a cooperativa.
2. **Fiscalmente**, as cooperativas son entidades especialmente protexidas, contando con importantes beneficios fiscais (como un 95% de bonificación no IAE ou unha redución do Imposto de Sociedades). Ademais, as persoas socias traballadoras poden elixir o Réxime da Seguridade Social que máis lles interese, ben Xeral ou de Autónomos.
3. **A responsabilidade fronte acreedores é limitada** aos bens cooperativos e ao capital social a nome da empresa.

4. **As cooperativas contan con axudas e subvencións específicas.** Por exemplo, de 6.000 € por cada persoa desempregada que se incorpore como socia traballadora. Á hora de constituir unha cooperativa, pódese contar tamén con axuda e asesoramento gratuito por parte das redes de cooperativas, como Espazocoop.

Que beneficios ten para min, como persoa consumidora?

As cooperativas en Galicia e na cidade da Coruña constitúen un sector en continuo crecemento, que ofrece cada ano unha maior oferta de produtos e servizos, ao alcance de calquera veciña ou veciño: imprentas, perruqueiras, servizos financeiros, centros educativos, axencias de comunicación, comida, roupa, artesanía... **Hoxe, podemos facer case calquera gasto nunha entidade da economía social.** E isto ten importantes beneficios para nós, como consumidores:

1. Os servizos ou produtos ofertados polas cooperativas son de **proximidade e locais.**
2. As cooperativas permitennos **acceder a produtos e servizos de calidade a prezos xustos** (por exemplo, produtos ecolóxicos).
3. Consumir en cooperativas é **consumir de xeito responsable** cumprindo con criterios de sostenibilidade social, económica e medioambiental.
4. **A oferta cooperativa é cada vez máis ampla e diversa**, permitíndonos acceder a un número maior de servizos e produtos cada ano.

Que beneficios ten para a nosa cidade?

A existencia dun sector cooperativo forte non só xera beneficios para as persoas emprendedoras e consumidoras, tamén para a nosa cidade, que conta cun tecido económico dinámico, cos **impactos sociais, económicos e medioambientais moi positivos.** Entre os principais, atopamos os seguintes:

1. As cooperativas son **emprendementos de proximidade, que teñen a súa base social e económica na cidade.** Isto favorece o consumo local que deriva nun importante aforro enerxético e na redución de gases de efecto invernadoiro, contribuíndo á loita contra o cambio climático.
2. Como entidades da economía social, as cooperativas están **baseadas na economía real, redistribuíndo os beneficios económicos de xeito horizontal** entre as persoas socias e traballadoras.
3. As cooperativas son unha **importante fonte de emprego directo e indirecto de calidade.**
4. O tecido cooperativo é a **alternativa que permite a participación de competidores máis pequenos**, que se unen para poñer en marcha propostas económicas competitivas.
5. As cooperativas **permiten a continuidade da actividade de empresas en crise** ou por xubilación ou falecemento do/a anterior propietario/a.



- 1 3C CALIDAD Y CONTROL
Pol. Ind. Pocomaco G-12/2 | A Coruña
www.3ccoop.es
administracion@3ccoop.es
- 2 A CARNOCHA S. COOP. GALEGA
Rúa Tui 4, 3ª Esquerda | A Coruña
- 3 ADIANTE S. COOP. GALEGA
Rúa Fuente Álamo, 7, 2ª | A Coruña
erikobano@adiante.gal
- 4 ALTO DE SANTA CRUZ S. COOP. GALEGA
Rúa de San Andrés, 121 6ª | A Coruña
- 5 ANDAINA S. COOP. GALEGA
Arola de Oleiros s/n | A Coruña
www.andaina.com | colexio@andaina.com
- 6 APICE ARQUITECTURA S. COOP. GALEGA
Rúa Juan Florez, 129 - 3ª Dta. | A Coruña
www.apice.es | info@apice.es
- 7 ARABÍAS S. COOP. GALEGA
Rúa Tren, 4, 5ª D | A Coruña
arabias.coop@gmail.com
- 8 ARREGLOS M Y B, S. COOP. GALEGA
Rúa Alcalde Marchesi, 17-19, Baixo
A Coruña
beletav@gmail.com
- 9 AUTOESCUELA VELOX S. COOP. GALEGA
Rúa Cardenal Cisneros, 35 baixo
A Coruña
www.escuelavelox.com
autoescuelavelox@hotmail.com
- 10 BOSQUE DE AMARES S. COOP. GALEGA
Rúa de San Andrés, 121 6ª | A Coruña
- 11 CANTON S. COOP. GALEGA
Rúa Juan Florez, 28 Entrechán | A Coruña
- 12 COFUNCIVI S. COOP. GALEGA
Rúa do Castrillón, 53 Baixo A Dta
A Coruña
www.cofuncovi.com
- 13 COLEGIO CID S. COOP. GALEGA
Rolda de Nelle, 143 - 1ª | A Coruña
colegio-cid.blogspot.com.es
cpr.cid@edu.xunta.es
- 14 COMA COMUNICACIÓN CREATIVA, S.
COOP. GALEGA
Rúa Ramón y Cajal, 19 | A Coruña
www.coma.gal | ola@coma.gal
- 15 COOP. DE CINE E DOCUMENTAL S.
COOP. GALEGA
Rúa Falperra, 7 6ª Esq | A Coruña
www.cooperativadecine.com
info@cooperativadecine.com
- 16 COOP. FORESTAL GANDEIRA REGIONAL
S. COOP. GALEGA (COFOGAR)
Costa da Palloza, 3 | A Coruña
cofogar@yahoo.es
- 17 COOPERATIVA CORUÑESA DE
TRANSPORTES DE PESCADO S. COOP.
LIMITADA
Rúa Primavera, 31 entrechán | A Coruña
www.transpeco.es
- 18 COOPERATIVA DE BASCULANTES
CODEBAS, SOC. COOP. LTDA.
Muelle de Oza Dársena, 72 | A Coruña
COPHIL S. COOP. GALEGA
- 19 Rúa Fernando Macías, 24 Baixo | A Coruña
- 20 CORN S. COOP. GALEGA
Rúa Pedro Galán Calvete, 11 | A Coruña
- 21 CORUÑESA DE GRUAS S. COOP. GALEGA
Dársena de Oza, 75 | A Coruña
- 22 CORUÑESA DE LIBROS S. COOP. GALEGA
Rúa Juan Florez, 36 4ª B | A Coruña
- 23 D-RAIZ
Rúa Pío XII, 1 | A Coruña
www.d-raiz.com | info@d-raiz.com
- 24 DELIVERY ONE WAY, S. COOP. GALEGA
Rúa Torrente Ballester, 4, B 1. | A Coruña
- 25 DIMACO S. COOP. GALEGA
Rúa Bellavista, 16 Baixo | A Coruña
www.dimaco.es | dimaco@dimaco.es
- 26 DUMBO S. COOP. GALEGA
Avda dos Mallos, 24 | A Coruña
eidumbo@hotmail.com
- 27 EIRIS OFIMÁTICO S. COOP. GALEGA
Rúa Cantón Grande, 6 2ª C | A Coruña
cr.eirisofimatico@gmail.com
- 28 EMFOR - EMPREGO E FORMACIÓN S.
COOP. GALEGA
Rúa Alvaro Cunqueiro, 4 Bx. | A Coruña
emfor@amundo-r.com
- 29 ENTREMUROS, GESTIÓN Y OBRAS S.
COOP. GALEGA
Avda. de Oza, 52, Bx. Local 6 | A Coruña
www.entremuros.es
coruna@entremuros.es
- 30 EURONOR S. COOP. GALEGA
Rúa Costa da Unión, 9, entreplanta dereita
A Coruña
- 31 GADAVEN S. COOP. GALEGA
Lugar de Somoño, 7 Baixo | A Coruña
ggarcia@ruiz1979@gmail.com
- 32 GALICA CONSULTORIA E FORMACIÓN S.
COOP. GALEGA
Rúa Gutenberg, 32-B, 1ª, local 1
A Coruña
www.galica.org | galica@galica.org
- 33 GARAJE GIRASOLES S. COOP. GALEGA
Rúa dos Xirasoles, 10-12, Baixo B - 46.B.
A Coruña
- 34 HABITAT SOCIAL S. COOP. GALEGA
Praza de Azcárraga, 6 Baixo | A Coruña
www.habitatsocial.coop
info@habitatsocial.coop
- 35 IDENTIK3D, S. COOP. GALEGA XUVENIL
Rúa Real, 20 | A Coruña
www.identik3d.com | info@identik3d.com
- 36 INNOVACIÓN PARA LA PROMOCIÓN DE
EMPLEO INPREGA S. COOP. GALEGA
Praza de Lugo, 11 3ª | A Coruña
www.inprega.es | info@inprega.com
- 37 ITACA SOFTWARE LIBRE S. COOP.
GALEGA
Rúa Rafael Albertio, 15 Oficina C | A
Coruña
www.itacaswl.com
yolandass@itacaswl.com
LABORATORIO ESCENICO, S. COOP. GALEGA
- 38 Rúa Santa Luisa de Marillac, 12 | A Coruña
www.laboratorioescenico.coop.com | for-
macion@laboratorioescenico.coop.com
- 39 LAR CORUÑA S. COOP. GALEGA
Rúa Tui, 8 Baixo Esquerda | A Coruña
buforon@hotmail.com
- 40 LEALTADE - CORUÑA S. COOP. GALEGA
Praza Luis Seoane, 14 Bx. | A Coruña
www.lealtade.com
lealtade@lealtade.com
- 41 MEDATLANTIA S. COOP. GALEGA
Centro Municipal de Empresas (Accede
Papagaio). Rúa Hospital, 19 baixo
A Coruña
www.medatlantica.eu
info@medatlantica.eu
- 42 NOBLENT S. COOP. GALEGA
Rúa Fraternidad, 1 | A Coruña
laboral@arc-asesores
- 43 NORD EDITORAS DE DESEÑO,
SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
Rúa Sinagoga, 20 | A Coruña
- 44 OBELISCO S. COOP. GALEGA
Rúa Alcalde Soto González, 9 Baixo
A Coruña
- 45 PARTIDARIOS DA CIDADE S. COOP.
GALEGA
Rúa Galera, 42 - 2ª A | A Coruña
- 46 PEGADAS S. COOP. GALEGA
Pol. Pocomaco 2ª Avenida - Parcela
G22/23 | A Coruña
www.pegadas.es | atcliente@pegadas.es
- 47 PLANO PEMENTA S. COOP. GALEGA
Rúa Castiñeiras de Abaixo, 1 Baixo | A
Coruña
www.planopementa.es
info@planopementa.es
- 48 PROEKS S. COOP. GALEGA
Rúa Historiador Vedia, 8 3ª | A Coruña
paloma@badero.es
- 49 PROFESORES DE AUTOESCUELA DE A
CORUÑA S. COOP. GALEGA
Rolda de Outeiro, 112 1ª | A Coruña
www.autoesuelacopaco.com
copaco@formaster.org
- 50 PROVEGAL S. COOP. GALEGA
Rúa Mestre Clavé, 16 2ª | A Coruña
- 51 REFORMAS E CONSTRUCCIONS
MOSQUERA S. COOP. GALEGA
Castro de Elviña, 109 Baixo | A Coruña
- 52 S. COOP. GALEGA SUPEIXE
Muelle da Palloza Oficina, 44A | A Coruña
- 53 S.I.D. SOFTWARE INNOVACIÓN Y
DESARROLLO S. COOP. GALEGA
Rúa Ría do Burgo 8, Baixo Esq | A Coruña
www.sidgal.com | sidgal@sidgal.com
- 54 SATEGA S. COOP. GALEGA
Rúa Agra do Orzán, 2 Baixo | A Coruña
satega@regasat.com
- 55 SERVICORUÑA S. COOP. GALEGA
Travesía de Boa Vista, 7 4ª Esq. | A Coruña
- 56 SERVICORUÑA S. COOP. GALEGA
Rúa Pascual Veiga, 35 Baixo | A Coruña
servimap@hotmail.com
- 57 SIMBIOSIS S. COOP. GALEGA
Rúa Pozo, 8 - 3ª | A Coruña
www.cooperativasimbiosis.com
info@cooperativasimbiosis.com
- 58 SOC. COOP. DE VIVIENDAS PARQUE
DE EIRIS
Paseo das Pontes, 16 Baixo | A Coruña
- 59 SOC. COOP. GAL DE VIVENDAS OZA-
MONELOS
Rúa Doutor Joaquín Cotarelo, 2 Baixo
A Coruña
- 60 SOC. COOP. GALEGA DE AUTOTAXIS DE
LA PROVINCIA DE A CORUÑA
Polígono de POCOMACO Parcela E1
A Coruña
- 61 SOC. COOP. GALEGA DE HOSTELERIA
Polígono POCOMACO F5 | A Coruña
www.hostel.es | hostelera@hostel.es
- 62 SOC. COOP. GALEGA DE VIVIENDAS
PARQUE OFIMÁTICO
Paseo das Pontes, 16 Baixo | A Coruña
www.scgvparqueofimatico.blogspot.com.
es | scgvparqueofimatico@gmail.com
- 63 TALLER MECANICO MARINEDA S. COOP.
GALEGA
Rúa Newton, 13 | A Coruña
www.talleresmarineda.com
marineda@scania.net
- 64 TORRE INFINITY, S. COOP. GALEGA
Ronda Nelle, 20, Baixo D. | A Coruña
info@summiaconsultores.com
- 65 TRANSPORTISTAS DE MERCANCIAS
DEL PUERTO DE A CORUÑA S. COOP.
GALEGA (TRANSPUERTO)
Muelle de Linares Rivas | A Coruña
www.transpuerto.com | transpuerto@
transpuerto.com
- 66 UNIDADE DE MEMORIA LEMBRATE S.
COOP. GALEGA
Rúa Rei Abdulláh, 10 | A Coruña
www.unidadelembrate.es | info@unidade-
lembrate.es
- 67 YARAMA AFRICA, S. COOP. GALEGA
Rúa Entrepeñas, 10 Baixo dta | A Coruña
www.yaramafrica.com | info@yaramaa-
frica.com
- 68 Z32 OFIMÁTICO, S. COOP. GALEGA
Rúa do Castrillón, 53 Baixo A | A Coruña
xestacoruna@gmail.com
- ZOCAMINHOC S. COOP. GALEGA
Av. da Concordia, 199 | A Coruña
www.zocaminhoca.org
zocaminhoca@gmail.com

Cooperativas socias de EspazoCoop